

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

EXTRACTO da Resolución do 13 de marzo de 2018 pola que se aproban as bases de subvencións a festivais de artes escénicas e de música e se convocan para o ano 2018.

BDNS (Identif.): 391085.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Persoas físicas e xurídicas de carácter privado domiciliadas en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo que desenvolvan a súa actividade en Galicia, así como as entidades locais galegas que leven a cabo algún dos festivais descritos no obxecto da convocatoria e cumpran os requisitos referidos no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo *Finalidade*

A concesión de axudas, polo procedemento de concorrencia competitiva, aos organizadores de festivais de música ou de artes escénicas celebrados en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

a) *Celebración*: o festival debe levarse a cabo entre o 1 de novembro de 2017 e o 31 de outubro de 2018. Enténdense incluídos os festivais iniciados ata o día 31 de outubro que desenvolvan a maioría das actividades neste período.

b) *Antigüidade*: o festival ten que ter realizado un mínimo de dúas edicións, excluída a edición obxecto desta convocatoria.

c) *Contratación artística*: o festival ten que ter un orzamento mínimo de contratación artística do 40 % do orzamento subvencionable para a modalidade A (festivais de música) e un 30 % do orzamento subvencionable para a modalidade B (festivais de artes escénicas).



d) Programación: o festival debe ofrecer un mínimo de seis compañías ou grupos.

e) Presenza de compañías galegas: só para a modalidade B (festivais de artes escénicas), as formacións ou compañías maioritariamente compostas por artistas que desenvolvan principalmente a súa actividade profesional en Galicia teñen que representar, como mínimo, o 20 % do orzamento de contratación profesional artística do festival ou un mínimo do 30 % do total das actuacións profesionais artísticas que se ofrezan. Quedan excluídos do cumprimento deste requisito os festivais presentados á modalidade A (festivais de música).

f) Entradas de pago: polo menos un 50 % dos concertos ou representacións escénicas teñen que ser con entradas de pago, excepto os festivais de artes escénicas de rúa.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 13 de marzo de 2018 pola que se aproban as bases de subvencións a festivais de artes escénicas e de música e se convocan para o ano 2018.

Cuarto. *Importe*

Destínase un total de 460.000 euros, dos cales 280.000 euros son para a modalidade A, festivais de música, e 180.000 euros para a modalidade B, festivais de artes escénicas, das aplicacións orzamentarias seguintes: 10.A1.432B.460.0, 155.000 euros; 10.A1.432B.470.0, 155.000 euros, e 10.A1.432B.481.0, 150.000 euros, dos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2018.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes desde o día seguinte ao da publicación deste extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

Román Rodríguez González

Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

